**7.3.2.1.** Estén incluidos na lista de terceiros países contemplada no Real Decreto 1288/1993, de 30 de xullo, polo que se modifican os anexos dos Reales Decretos 495/1990, de 20 de abril, 110/1990, de 26 de xaneiro, e 646/1992, de 12 de xuño, e se establece a lista de países terceiros dos que se autorizan as importacións de animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina e equina, carnes frescas e productos cárnicos.

**7.3.2.2.** Cumpran as eventuais garantías adicionais esixibles a cada un de ditos países polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**7.3.2.3.** Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Transporte Internacional e Plan de Viaxe para as procedentes do resto da CEE e países terceiros.

**7.3.2.4.** Tuveran sido sometidos a tratamento antiparasitario interno e externo, nos últimos 30 días, o que se fará constar no correspondente Certificado Sanitario Oficial.

**7.4. Normas de Carácter Específico**

Só poderán concurrir ó evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa. Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

**7.4.1.** Os maiores de 6 semanas de idade, terán dado resultado negativos a unha proba de diagnóstico da Tuberculose según o anexo I do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.2.** Os maiores de 12 meses, terán presentado un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da Brucelose bovina dacordo o anexo II do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.3.** Os animais maiores de 12 meses terán dado un resultado favorable a unha das probas de deteción da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003. Esta proba non será necesaria no caso de proceder dun Territorio, Rexión ou Estado Indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

**7.4.4.** Terán resultado negativos á proba serolóxica frente ó antíxeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE) para a deteción de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

**7.4.5** Terán resultado negativos ás probas diagnósticas frente á glicoproteína gE do virus da Rinotraqueite Infecciosa Bovina (IBR).

**7.4.6.** Terán resultado negativos ás probas serolóxicas de deteción do antíxeno da Diarrea Vírica Bovina (BVD), realizadas nun laboratorio Oficial. Nos animais menores de 3 meses de idade, a proba realizarase no cartílago auricular.

**7.4.7.** Os animais maiores de 24 meses terán resultado negativos ás probas para a deteción de anticorpos frente ó *Mycobacterium avium paratuberculose* (Paratuberculose), realizadas nun laboratorio oficial.

**7.5. Outras condicións e recomendacións**

**7.5.1.-** Os animais que asistan ó certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a deteción de anticorpos frente á Neosporose Bovina, realizadas nun laboratorio oficial.

**7.6.** Ademais destos requisitos, cando procedan de Estados membros da Unión Europea (incluido España), cumprirán as condicións sanitarias establecidas no R.D.1716/2000, de 13 de Outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina.

**7.7. Verificación e inspección**

A verificación da documentación sanitaria, correrá a cargo dos Veterinarios designados pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**. Asimesmo, o persoal asignado a este servicio será o encargado da emisión das guías ou documentación sanitaria que ampare ós animais na viaxe de retorno.

**7.8.** Aqueles animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou os que carezan dalgun dos documentos ou requisitos sanitarios esixidos no regulamento sanitario sobre participación de animais a concursos, poxas e exposicións, non serán autorizados a entrar no recinto feiral.

## 8. TRANSPORTE DE GANDO

Co fin de cubrir os gastos orixinados polo transporte de gando, a organización axudará nas cuantías que a continuación se indican:

**8.1. Animais procedentes de Galicia:** Aboaranse as facturas de transporte previo comunicado do servicio á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas debendo respetarse as mesmas. En caso contrario, aplicaranse as axudas estipuladas para gandeiros de outras Comunidades de España (8.2.).

**8.2.** A Fundación Semana Verde destinará unha partida de 6.000€ para axudar a sufragar os custos de transporte. Dita cantidade repartirase proporcionalmente entre os animais presentados e sen superar en ningún caso, a cantidade de 0,21€ Becerras-Xovencas, ou 0,30€ por vaca e Km percorrido entre a gandería de orixe e o recinto feiral, computándose só a ida.

**8.3.** É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estén debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente TALÓN DE DESINFECIÓN.

## 9. ENTRADA DO GANDO

**9.1.** A entrada do gando **realizarase entre as 8.00 e as 20.00 horas do Mércores, 18 de Febreiro**, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

**9.2.** A autorización de entrada do gando nas naves realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, **OBRIGATORIAMENTE**, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área de Concurso; aqueles animais que non cumpran con estos requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concursante, teñan dereito.

**9.3.** Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación Xenealóxica (**Certificado de Rexistro**). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan de dita documentación ou esté incompleta, obrigando ós seus propietarios a retiralos da área reservada a concursantes.

**9.4.** Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata rematar o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

**9.5.** A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarlles, no posible, estos cometidos.

**9.6.** Para axilizar as tarefas de lavado, PROHIBESE EXPRESAMENTE que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos ós que os respectivos coidadores estén lavando en cada momento.

## 10. SEGURO

**10.1.** A feira proveerá ós animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

**10.2.** O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días 17 ó 28 de Febreiro.

**10.3.** Para ter dereito ó cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, o número de Rexistro Xenealóxico e cadro clínico que presente, para que ésta poida facer as comprobacións necesarias e se o creera oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

**10.4.** Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscripción.

**10.5.** Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptarase o seguinte Baremo:

| | |
|---|---|
| Becerras menores de 1 ano | 1.500€ |
| Xovencas de 12 a 18 meses | 2.000€ |
| Xovencas de máis de 18 meses | 2.500€ |
| Vacas de máis de 2 anos | 3.200€ |
| Vacas cualificadas MB ó EX | 4.500€ |

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terán dereito a esta cobertura os animais que veñan reseñados na Cédula de Inscripción como xestantes; a indemnización a percibir en caso de sinistro será o 25% do valor asegurado.

regulamento

## 11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA

**11.1.** A organización facilitará as cantidades de forraxe e penso, necesarios para a alimentación dos animais.

**11.2.** Suministrarase a todos os participantes palla en cantidade suficiente para as camas do gando exposto, o suministro realizarase diariamente ó pechar a feira.

**11.3.** O recambio das camas correrá a cargo dos expositores, éste **DEBERÁ SER REALIZADO DURANTE AS HORAS EN QUE PERMANEZA PECHADO Ó PÚBLICO O RECINTO FEIRAL E SEMPRE ANTES DAS 8.00 HORAS.**

**11.4.** Os participantes aceptan expresamente, -para facilitar as tarefas de limpeza,- o depositar a palla e o esterco, **EXCLUSIVAMENTE NAS CARRETILLAS E/OU CONTENEDORES** destinados a este fin.

**11.5.** O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido realizalo fóra de ditas áreas.

## 12. CARTEIS

Autorízase ás ganderías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandería e de identificación) éstes deberán estar colocados na parte dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

**12.1. GANDERÍA**

Nel poderá figurar o nome da Gandería ou Empresa, propietaria dos animais expostos. En caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

**12.2. IDENTIFICACIÓN**

A feira proveerá ás Ganderías participantes, dos correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará: NOME DO ANIMAL, CUALIFICACIÓN, NºRºXº, PAI, NAI, PROPIETARIO (*), PAÍS DE ORIXE.

(*) No caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou o da explotación na que se atopa animal.

## 13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS

**13.1.** Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou productos que poidan afectar a súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

**13.2.** O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base o leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou sustancia que poida alterar o seu aspecto.

**13.3.** A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, os propietarios dos animais clasificados 1º, 2º e 3º de cada unha das seccións individuais, están obrigados a presentalos na zona que se indique a fin de sometelos ao escaneado da ubre.

**13.4.** Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

**13.5.** O non presentar un animal para sometelo o Scanner da ubre ou o negarse a que se lle realice dita proba, dará lugar a súa descalificación e á perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ó seguinte animal clasificado.

## 14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

**14.1.** A presentación do gando en pista, cántas veces sexan necesarias para a súa cualificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal o seu cargo.

**14.2.** Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

**14.3.** Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descualificados.

**14.4.** Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

**14.5.** Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por rigurosa orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

## 15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servicio gratuito durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cántos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

## 16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

**16.1. A Fundación Semana Verde concederá** unha axuda por cada animal presentado ó Open GandAgro '15 de:

- **20€ por becerra** (Sec: 1, 2, 3 e 4)
- **30€ por xovenca** (Sec. 5, 6 e 7)
- **50€ por vaca** (Sec: 14, 15, 16, 17, 18 e 19)

**16.2. A Federación Frisona Galega outorgará** unha axuda por animal presentado ó Concurso Autonómico Fefriga '15 de:

- **15€ por becerra** (Sec.: 1, 2, 3 e 4)
- **25€ por xovenca** (Sec.: 5, 6 e 7)
- **40€ por vaca** (Sec.: 14, 15, 16, 17, 18 e 19)

**16.3.** Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán **fotografados gratuitamente** por **Sylvie Gouin**, fotógrafa oficial do concurso.

**16.4. Xenética de Fontao** agasallará a todas as Ganderías participantes, con **2 doses de TORREL**. Además, todas aquelas que participen con 2 ou máis animais, recibirán:

**3 doses de DELETE · 3 doses de MELENDI · 3 doses de LEOMARCOS**

**16.4.1.** Igualmente, á femia mellor clasificada en cada sección individual, filla dun touro da súa propiedade, **Xenética de Fontao** outorgará os seguintes premios:

- Becerras (seccións 1, 2, 3 e 4) **100 €**
- Xovencas (secions 5, 6 e 7) **200 €**
- Vacas (seccións 14, 15, 16, 17, 18 e 19) **300 €**

**16.5.** Todas as ganderías recibirán un agasallo-recordo do certame.

## 17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os premios, escarapelas, estandartes e trofeos que se mencionan nas diferentes seccións do programa.

**17.1. SECCIÓNS.** Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados en cada unha das seccións individuais. Ademáis nas seccións de vacas en lactación (14, 15, 16, 17, 18 e 19), concederase o título único de Mellor Ubre.

**17.2. CAMPIONATOS.** Concederase estandarte ás campionas e subcampionas.

**17.3. MELLOR CRIADOR:** Asignaranse puntos ós 5 animais mellor clasificados de cada sección individual, en base ó seguinte baremo.

| | 1ª | 2ª | 3ª | 4ª | 5ª |
|---|---|---|---|---|---|
| **Becerras e Xovencas** | 5 | 4 | 3 | 2 | 1 |
| **Vacas lactación** | 10 | 8 | 6 | 4 | 2 |

Concederase Estandarte ó Mellor Criador e Segundo Criador.

**17.4. GRANDES CAMPIONATOS.** Estandarte e trofeo. Igualmente, concederase estandarte á Xovenca e á Vaca Gran Campiona Reserva.

**17.5. MELLOR MANEXADOR**

Concederase este título ao Manexador que ó longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

## 18. DISPOSICIÓNS FINAIS

**18.1.** En caso de que en algunha sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluidos na sección anterior e/ou posterior.

**18.2.** As decisións do Xuiz serán inapelables, por tanto a participación nos certames supón acatalas.

**18.3.** A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantear na interpretación do mesmo.

**18.4.** Durante o evento, realizaranse fotografías tanto dos participantes, como de calquera outra persoa asistente ó mesmo, que poderán ser publicadas, posteriormente, na páxina web das entidades organizadoras, folletos, revistas, prensa u outros medios de comunicación análogos co fin de difundir os actos, actividades e eventos que levan a cabo. Poderase exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á Federación Frisona Galega e á Fundación Semana Verde de Galicia, adxuntando fotocopia do seu DNI.

**18.5.** A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

# SECCIÓNS DO CONCURSO ⋆

**SEC. 1: BECERRAS DE 5 A 7 MESES**
Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2014 e o 30 de Setembro de 2014.

**SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES**
Son as femias nadas entre o día 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2014.

**SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES**
Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro e o 31 de Marzo de 2014.

**SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES**Femias nadas entre o día 1 de Outubro e o 31 de Decembro de 2013.

**SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES**
Son as femias, nadas entre o día 1 de Xullo e o 30 de Setembro de 2013.

**SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES**
Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2013.

**SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES**
Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Decembro de 2012 e o 31 de Marzo

de 2013.

**SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de ***BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de ganadeiros Galegos, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de ***XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 8ª e 9ª. Outorgaranse os títulos de ***XOVENCA GRAN CAMPIONA e RESERVA GRAN CAMPIONA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 11: BECERRA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Outorgarase os títulos ***TERNERA CAMPEONA** e **SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '15".***

**SEC. 12: XOVENCA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de ***NOVILLA CAMPEONA e SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '15".***

**SEC. 13: XOVENCA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 11ª e 12ª. Ouyorgaranse os títulos de ***NOVILLA GRAN CAMPEONA e RESERVA GRAN CAMPEONA "GANDAGRO '15".***

**SEC. 14: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES**

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Setembro de 2012 inclusive.

**SEC. 15: VACA XOVEN LACTACION DE 30 A 36 MESES**

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo e o 31 de Agosto de 2012.

**SEC. 16: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)**

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2011 e o 28 de Febreiro de 2012.

**SEC. 17: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS**

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2010 e o 28 de Febreiro de 2011.

**SEC. 18: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS**

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2009 e o 28 de Febreiro de 2010.

**SEC. 19: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS**

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Marzo de 2009.

**SEC. 20: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 14ª e 15ª. Concederanse os títulos de ***VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 21: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de ***VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 22: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA**

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de ***VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 23: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA**

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 20ª, 21ª e 22ª. Outorgaranse os títulos de ***VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA e RESERVA GRAN CAMPIONA "FEFRIGA 2015".***

**SEC. 24: VACA XOVEN CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 14ª e 15ª. Concederanse os títulos de ***VACA JOVEN CAMPEONA** e **SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '15".***

**SEC. 25: VACA INTERMEDIA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de ***VACA INTERMEDIA CAMPEONA e VACA INTERMEDIA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '15".***

**SEC. 26: VACA ADULTA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de ***VACA ADULTA CAMPEONA e VACA ADULTA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '15".***

**SEC. 27: VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 24ª, 25ª e 26ª. Outorgaranse os títulos de ***VACA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL e RESERVA GRAN CAMPEONA "GANDAGRO '15".***

**SEC. 28: MELLOR CRIADOR DE GALICIA**

Concederanse os títulos de ***MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA "FEFRIGA 2015",*** ós gandeiros de Galicia que obteñan o maior número de puntos, conseguidos nas seccións individuais, por animais nados na súa explotación, aínda que na actualidade pertenezan a outro propietario.

**SEC. 29: MELLOR CRIADOR INTERNACIONAL**

Concederanse os títulos de ***MEJOR CRIADOR** e **SEGUNDO CRIADOR INTERNACIONAL "SEMANA VERDE '2015",*** ós gandeiros que obteñan o maior número de puntos, conseguidos nas seccións individuais, por animais nados na súa explotación, aínda que na actualidade pertenezan a outro propietario.

## BASES DO VIII CONCURSO INTERNACIONAL DE XÓVENES PREPARADORES ´15

### CONDICIONES XERAIS

**1.-** O Concurso celebrarase o **Xoves, 19 de Febreiro ás 17:30 horas** no Recinto Feiral Semana Verde.

**2.-** Nel poderán participar xóvenes de calquera nacionalidade, que o solicite no prazo e forma e a súa idade non supere os 30 anos, inclusive.

**3.-** A organización poderá facilitar aloxamento ós participantes extranxeiros durante os días de Concurso. Igualmente e no caso de que algún deles desexe formar parte do equipo de algunha gandería participante, deberá comunicalo no momento de formalizar a súa inscripción.

**4.-** Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 28 de Febreiro de 2015.

**5.-** Para os participantes menores de idade, é imprescindible presentar a correspondente autorización, publicada na web www.xovenesgandeiros.com.

**6.-** Por necesidades de espacio e organizativas**, o prazo de inscripción rematará o día 19 de Xaneiro de 2015**, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a dita data.

### CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

**7.-** Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de becerras ou xovencas do Concurso Autonómico e/ou Internacional.

**8.-** Será responsabilidade de cada participante o inscribir ó Concurso de Frisón (ou pedir a outro gandeiro concursante), a becerra/xovenca coa que vai participar, non obstante e para os participantes de outros países, será a organización quén a proporcione.

**9.-** Sendo o obxetivo do concurso, o formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia a concursar.

**10.-** Para o pelado ÍNTEGRO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, ós participantes de 15 anos e menores permitiraselles comezar 30 minutos antes.

**11.-** Cada concursante terá que ir provisto de todo o equipo necesario para o pelado, preparación e presentación do animal (máquinas, coitelas, cepillos, sprais, cabezada de pista, etc,..). Todo o material será por conta do participante.

**12.-** 15 minutos antes da hora de inicio establecida, os concursantes, -pertrechados de todo o seu equipo e material,- deberán presentarse na zona de concurso, ónde se lles adxudicará a súa praza, tras o cal e dentro da zona asignada, poderán preparar e dispór de todo o seu equipo (enchufes, extensibles, máquinas, secador, etc,...) e igualmente, suxeitar a becerra/xovenca coa que van a concursar.

**13.-** O animal con que se participe, debe de estar limpo, domado e que non se teña pelada ningunha rexión do corpo no último mes. O incumprimento de esta norma será causa de descualificación.

**14.-** Durante o tempo que dura o concurso, cada participante deberá manter debidamente atado e baixo control o animal co que participa, a fin de non interrumpir, molestar ou distraer a outros concursantes. Igualmente e en todo momento os concursantes deberán manter unha actitude de respeto e colaboración cos seus compañeiros.

**15.-** Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 o 2:30 Horas según idade) todos os concursantes deberán parar, deixar o animal nas condicións que se atope e recoller o seu material.

**16.-** Na mesma praza que se preparou o animal e antes de saír a pista, os Sres Xuices comentarán e valorarán co participante o traballo realizado, dándolle en privado, as explicacións, indicacións e consellos prácticos que en cada caso, proceda.

**17.-** Unha vez recibidas as explicacións na zona de pelado, os concursantes disporán de 15 minutos para cambiar as súas roupas de traballo polo uniforme de concurso (camisa branca e pantalón azul) e presentarse co seu animal á entrada de pista.

## XULGAMENTO

**18.-** O xulgamento deste Concurso correrá a cargo dun Comité formado por:
**Mr. BRIAN CARSCADDEN**, Xuiz Internacional da Asociación Holstein de Canadá.
**Dn. Bonet Cid Salgado**, Directivo do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia e Xuiz Internacional de Conafe.
**Dn. Gabriel Blanco**, Xefe do Departamento de Morfoloxía de Conafe.
**Serán misións deste Comité:**
**19.-** Revisar previo o comezo da competición que todos os animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada e descalificar, se procede, a aqueles que inclumpran dita norma.
**20.-** Avaliar o traballo individual que cada concursante teña realizado na preparación e pelado do seu animal, cumprimentando a seguinte Táboa de valoracións:

| VALOR | PARTES A PUNTUAR |
|---|---|
| 5 max. | CABEZA- PESCOZO |
| 10 max. | LÍNEA DORSO-LUMBAR |
| 10 max. | BARRIGA |
| 7 max. | COSTILLAR / CUERPO |
| 5 max. | PATAS |
| 10 max. | VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO |
| | APARIENCIA XERAL |
| | REMATE FINAL |
| 10 max. | VALORACIÓN DO PRESENTADOR |
| 10 max. | ACTITUDE DO PRESENTADOR |

**21.-** Unha vez na pista, colocar ós participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades demostradas.
**22.-** A avaliación e puntuación do traballo realizado por cada concursante realizarase na propia área de pelado, tras o cal e cos animais en pista, os Sres. Xuices darán as súas explicacións en público e procederán a colocar a todos e cada un dos participantes no posto que polos seus méritos lle corresponda (punto 20).
**23.-** Expoñer ante o público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.
**24.-** As decisións do Comité serán inapelables, por tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.

## SECCIÓNS E PREMIOS

**25.-** Xulgarase a todos os participantes dentro dunha única sección e con un mesmo baremo, non obstante os Sres. Xuices poderán facer as observacións salvedades e comentarios que procedan, en aqueles casos que pola xuventude do concursante consideren oportuno.
**26.-** A entrada en pista será por rigurosa orde de idade de menor a maior.
**27.-** A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.
**28.-** En base á mesma, outorgaranse os seguintes premios:
Campión: escarapela, trofeo e 200€
Subcampión: escarapela e 150€.
Mención de Honra: escarapela e 100€
4º ó 10º clasificado: escarapela e 50€.
**29.-** Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión Internacional de Preparadores '2015".

## DISPOSICIÓNS FINAIS

**30.-** A participación supón o aceptar, respetar e acatar todas as normas contidas no presente regulamento.
**31.-** Durante o evento, realizaranse fotografías tanto dos participantes, como de calquera outra persoa asistente ó mesmo, que poderán ser publicadas, posteriormente, na páxina web das entidades organizadoras, folletos, revistas, prensa u outros medios de comunicación análogos co fin de difundir os actos, actividades e eventos que levan a cabo. Poderase exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose a Federación Frisona Galega, a Fundación Semana Verde e o Clube de Xóvenes Gandeiros, adxuntando fotocopia do seu DNI.
**32.-** No caso de menores de idade, a autorización paterna leva implícita a aceptación, e a todos os efectos, do disposto no punto anterior (31).
**33.-** A Comisión Organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estuveran recollidas no mesmo.

**CONCURSO PATROCINADO POR:** DANONE

# BASES DO XXXI CONCURSO INTERNACIONAL DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUÍS LOUZAO 2015"

## CONDICIÓNS XERAIS

**1.-** O Concurso celebrarase o **Venres, 20 de Febreiro ás 17:30 horas** no Recinto Feiral de Silleda.
**2.-** Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para todos os presentes e en especial para os participantes neste Concurso.
**3.-** Nel poderán participar a título individual, todos aqueles xóvenes de calquera procedencia e cuia idade non exceda dos 30 anos, inclusive.
**4.-** Dada a diferencia de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.
**5.-** SECCIÓNS:

**Sección 1ª**: Competirán xóvenes que teñan **entre 21 e 30 anos inclusive.**
**Sección 2ª:** Competirán xóvenes de **entre os 16 e 20 anos inclusive**.
**Sección 3ª:** Inclue a xóvenes con idades **entre 10 e 15 anos inclusive**.
**Sección 4ª:** Nela participarán xóvenes **menores de 9 anos.**
**Sección 5ª: CAMPIONATO:** Competirán polos títulos de CAMPIÓN, SUBCAMPIÓN e MENCIÓN DE HONRA os tres primeiros clasificados nas seccións 1, 2 e 3.

**6.-** As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.
**7.-** No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluidos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.
**8.-** Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 28 de Febreiro de 2015.
**9.-** Sendo o obxetivo do concurso, o de formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.
**10.-** Os máis xóvenes poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos seus pais, colaboradores do Club u outras persoas que se atopen no recinto.
**11.-** Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de becerras ou xovencas do Concurso Autonómico e/ou Internacional.

## CONDICIÓNS DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:
**12.-** Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.
**13.-** Comprobar que o animal que vaia exhibir esté perfectamente domado, limpo e en condicións para saír a pista.
**14.-** Estar atento ás instruccións que se den e presentarse puntualmente en pista, cándo e cántas veces sexa requerido.
**15.-** Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuiz e actuar, correcta e rápidamente, dacordo ás mesmas.
**16.-** Manter en todo momento o animal baixo control, procurando non distraer nen molestar ós outros concursantes.
**17.-** Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuiz lle poida facer con respecto ó animal que conduce (idade, país, etc).
**18.-** Recordar que unha sección non remata ata que o xuiz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.
**19.-** Aceptar e asumir deportivamente as decisións do xuiz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa tanto co Xuiz como cos compañeiros.

## XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **Mr. BRIAN CARSCADDEN, Xuiz Internacional da Asociación Holstein de Canadá.**
**Serán misións deste xuiz:**
**20.-** Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
**21.-** Xulgar cada sección por separado.
**22.-** Dar as explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións xulgadas, procurando aconsellar ós xóvenes como mellorar a súa técnica.
**23.-** Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude amosada en pista, tanto hacia os seus compañeiros como ás indicacións do xuiz).
**24.-** As decisións do xuiz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

**PREMIOS**

**25.-** Outorgaranse escarapelas ós 3 primeros clasificados das seccións 1, 2 e 3.

**26.-** Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederase escarapela e un obsequio a todos os participantes.

**27.-** No Campionato (sección 5), concederanse os seguintes premios:

| | |
|---|---|
| Campión: 120€ e trofeo | 6º clasificado: 40€ |
| Subcampión: 100€ e trofeo | 7º clasificado: 30€ |
| Mención de Honor: 80€ | 8º clasificado: 20€ |
| 4º clasificado: 60€ | 9º clasificado: 10€ |
| 5º clasificado: 50€ | |

**DISPOSICIÓNS FINAIS**

**28.-** A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.

**29.-** Durante o evento, realizaranse fotografías tanto dos participantes, como de calquera outra persona asistente ó mesmo, que poderán ser publicadas, posteriormente, na páxina web das entidades organizadoras, folletos, revistas, prensa u outros medios de comunicación análogos co fin de difundir os actos, actividades e eventos que levan a cabo. Poderase exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose a Federación Frisona Galega, a Fundación Semana Verde e o Clube de Xóvenes Gandeiros, adxuntando fotocopia do seu DNI.

**30.-** No caso de menores de idade, a autorización paterna leva implícita a aceptación, e a todos os efectos, do disposto en el punto anterior (29).

**31.-** A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estuvesen recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR:

MAPFRE | AGROPECUARIA

## BASES DO IX CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA 2015

Co obxetivo de acercar ós máis xóvenes ó mundo agrogandeiro e concienciálos da importancia que ten para todos o sector primario, a ***Federación Frisona Galega***, en colaboración con **Caixa Rural Galega** e a ***Fundación Semana Verde de Galicia***, convoca o seu **IX Concurso de Pintura FEFRIGA 2015**, no que poderán participar todos aqueles rapaces que o desexen e que non superen os 16 anos.

BASES DA CONVOCATORIA

**1.- TEMAS**

A temática dos debuxos que se presenten ó concurso será relativa o "***Sector Agrogandeiro e á Vida no Campo***", por exemplo: gando, construccións, ferramentas e apeiros de traballo, vivendas e lugares, productos obtidos no noso sector, etc... Os traballos serán orixinais.

**2.- MODALIDADE E FORMATO**

Será un só debuxo ou pintura de técnica libre (lápiz, ceras, témpera, acuarela, óleo, etc...), por cada participante. Realizarase sobre cartulina, tela u outro material similar semi-ríxido o ríxido.

O formato non poderá ser inferior a 20x30cm., nin superior a 30x40cm.

**3.- PARTICIPANTES**

Poderán participar neste concurso todos os rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambos inclusive, quedando distribuidos a efectos de concurso nas seguintes categorías:

- Categoría 1ª *"Alevín": de 3 a 7 anos*
- Categoría 2ª *"Infantíl": de 8 a 12 anos*
- Categoría 3ª *"Junior": de 13 a 16 anos*

A data de referencia para determinar a idade dos concursantes será o día 31 de xaneiro.

**4.- PRESENTACIÓN E PRAZOS**

- Os traballos serán entregados, -**sen dobrar**,- á Federación Frisona Galega, Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago de Compostela – A Coruña, **antes do día 31 de Xaneiro**.
- **Non estarán asinados nin conterán no seu anverso inscripción ou marca algunha** que poida permitir ó xurado a identificación do autor.
- **No seu reverso, as obras deberán estar identificadas, -EXCLUSIVAMENTE, co título que, libremente, cada autor lles asigne.**
- **Adxunto a cada traballo, e dentro dun sobre cerrado** (identificado co título de cada obra), **os concursantes deberán remitir:**
- **Cédula de Inscripción** con todos os datos cumprimentados.
- **Fotocopia do DNI do concursante ou da folla do Libro de Familia** onde apareza o mesmo, a fin de verificar os seus datos, así como a data de nacemento.

As obras recibidas fóra de prazo ou as que non cumpran as normas de presentación e documentación requerida, non serán admitidas e polo tanto excluidas do concurso.

**5.- XURADO**

Estará composto por:

- **Dna. Patricia Ulloa Alonso**
  Directora Xeral de Producción Agropecuaria e Presidenta do Salón Cimag-GandAgro.
- **Dña. Ánxeles Penas García**
  Escritora, Escultora e crítico de arte do "Ideal Gallego".
- **D. José Manuel López Marcos**
  Director Comercial de Caixa Rural Galega.
- **Dna. Laura Seoane Novo**
  Presidenta do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia.
- **D. José Carlos Vega Rodríguez**
  Presidente da Federación Frisona Galega.

O xurado elixirá, de entre as obras presentadas, o 1º, 2º, 3º, 4º e 5º premio de cada categoría, tendo en conta ademáis das técnicas utilizadas, a orixinalidade dos traballos. O xurado reunirase o día 3 de Febreiro, dando a coñecer a continuación o seu veredicto, que será comunicado aos gañadores.

Todos os traballos serán expostos durante os días 19 e 21 de Febreiro, no lugar que a tal fin se prepare, no Recinto Feira Internacional Semana Verde de Galicia, Silleda – Pontevedra.

**6.- PREMIOS**

Ós cinco primeiros clasificados de cada categoría concederánselle os premios seguintes:

| | |
|---|---|
| **1º Premio**: 250 € | **4º Premio**: 100 € |
| **2º Premio**: 200 € | **5º Premio**: 50 € |
| **3º Premio**: 150 € | |

Igualmente, concederase Diploma de Participación por todos os traballos presentados. Os premios entregaranse o día 21 de Febreiro ás 14:00 no Ring de Concursos (ó rematar o xulgamento dos Concursos Autonómico e Internacional), debendo estar presentes os gañadores, ou os seus representantes.

**7.- DESTINO DOS TRABALLOS**

A) Os traballos premiados quedarán en propiedade da Federación Frisona Galega, podendo empregalos para fins promocionais, publicitarios u outros.

B) O resto dos traballos poderán ser retirados dentro do mes seguinte ó Concurso, nas oficinas da Federación Frisona Galega sita en Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705 Santiago de Compostela.

C) Os traballos que non sexan retirados en dito prazo pasarán a ser propiedade de Fefriga, que poderá dispór deles según crea conveniente.

**8.- DISPOSICIÓNS FINAIS**

A) Os debuxos deberán ser realizados polos rapaces, polo que, en caso de dúbida e de consideralo necesario, o xurado poderá realizar u ordenar as comprobacións que estime oportunas, podendo incluso pedir o autor dun traballo que faga unha demostración das súas habilidades.

B) O fallo e decisións do xurado serán firmes, irrevocables e inapelables.

C) Durante o evento, realizaranse fotografías tanto dos participantes, como de calquera outra persoa asistente ó mesmo, que poderán ser publicadas, posteriormente, na páxina web das entidades organizadoras, folletos, revistas, prensa u outros medios de comunicación análogos co fin de difundir os actos, actividades e eventos que levan a cabo. Poderase exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose a Federación Frisona Galega e a Fundación Semana Verde de Galicia, adxuntando fotocopia do seu DNI.

D) A participación neste Concurso implica o aceptar as condicións recollidas neste regulamento así como aquelas outras que, para o bo desenrolo do Certame a Comisión Organizadora puidera establecer.

E) Todas as cuestións que se puideran presentar e que non estén previstas nos artículos deste regulamento, serán resoltas pola Comisión Organizadora.

CONCURSO PATROCINADO POR:

CAIXA RURAL GALEGA

**Cédulas de inscripción en www.fefriga.com. Para calquera información suplementaria: 981 573 775**

# ELBURN RDC

**636446 CVF BLF BYF**

**NLD 000359507595 aAa 312456**

**MR. BURNS RDC X O-MAN X BW MARSHALL X AARON**

**De la misma familia que SNOWMAN**

## Cuantas más hijas, MEJOR !!

**08/2011 (genómico) : POSICIÓN #46**
**12/2014 (529 hijas) : POSICIÓN # 5**

**Leche: +1888 kg** **Prot: +0'05% (+70 kg)**
**Longevidad: +115** **Fertilidad: +109**

## El mejor Toro con FACTOR ROJO !




y también ...




## LABEL P gRZG 151

LADD P
X VG86 SUNSHINE
X VG86 SPENCER 2

**Un descornado al nivel de los mejores !**

**El Mejor RED HOLSTEIN Descornado !**

**IMPORT EXPORT BAS, SL • Tlf. 972 690 426 • Fax 972 690 476**
www.bas-sl.com • info@bas-sl.com • @importexportbas

Distribuidor exclusivo para España de GGI - German Genetics International GmbH

bas sl

# BORSATI

**811243 CVF BLF BYF**
**DEU 000535421312 aAa 312456**
**BOLTON X O-MAN X AARON X WADE**

ICO 3531 Dic. 2014

## Un toro superior a un precio MUY COMPETITIVO

# Al nivel de los mejores !

| ICO (Global) | IGT (Tipo) | ICU (Ubres) |
|---|---|---|
| 3531 | +2'03 | +2'71 |

Leche: +1639 kg Prot: +0'01% (+53 kg)
Longevidad: 107 Cél. Somáticas: 115

# Extraordinario en Ubres



Grupo de Hijas de BORSATI
© Wolfhard Schulze

## Comparativa de BORSATI con los más renombrados hijos de BOLTON

Fuente: CONAFE 12/2014

| Nº | Nombre | Hijas | Leche Kg | Grasa Kg | Prot % | Prot Kg | IGT | ICU | IPP | Long | RCS | ICO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | GILLESPY | 255 | 1825 | 50 | -0.09 | 48 | 2.64 | 2.46 | 1,66 | 120 | 114 | 3790 |
| 17 | BORSATI ET | 1261 | 1639 | 55 | 0.01 | 53 | 2.03 | 2.71 | 0,17 | 107 | 115 | 3531 |
| 24 | MASCALESE ET | 134 | 1423 | 50 | 0.03 | 48 | 2.61 | 2.37 | 0,92 | 108 | 118 | 3459 |
| 27 | BEHOBIA | 144 | 1476 | 57 | 0.04 | 51 | 1.50 | 2.12 | 0,95 | 110 | 101 | 3441 |
| 31 | TORREL ET | 151 | 1691 | 41 | -0.12 | 41 | 2,38 | 1.76 | 2,45 | 107 | 107 | 3417 |
| 55 | DORCY | 1840 | 1102 | 28 | -0.05 | 30 | 2.46 | 2.96 | 1,22 | 125 | 114 | 3284 |
| 91 | NIAGARA | 92 | 1361 | 51 | 0.04 | 48 | 1.56 | 1.33 | 0,79 | 111 | 104 | 3209 |


Jose Ramón Pena - Delegado zona A Coruña - 629 861 985 - rpena@bas-sl.com
Marcial Pereira - Delegado zona A Coruña - 625 721 986 - mpereira@bas-sl.com
Daniel Prado - Delegado zona Lugo - 622 019 183 - dprado@bas-sl.com
Bernardo Martínez - Delegado zona Pontevedra - 637 573 425 - bmartinez@bas-sl.com


GGI

bas sl

# Festa Holstein Fefriga ’14

O día 1 de Agosto, cos Concursos de Preparación e Pelado da VI Escola de Xóvenes Gandeiros e a celebración da Festa Holstein, finalizaba unha semana adicada a diferentes actividades relacionadas co mundo do Gando Frisón, organizadas polo Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia e Fefriga, en colaboración con Ganadería As Travesas, Concello de Ordes e a Excma. Deputación da Coruña. O luns día 28 de Xullo ás 10 da mañán e no Recinto Feiral do Mesón do Vento (Ordes) daba comezo o curso de preparación, doma e manexo de animais, que se prolongaría ata o venres día 1 de Agosto ás 11:30 da mañán, hora na que se escomezou o xulgamento de stands, pelado e presentación de animais en pista. Nesta edición participaron 13 xóvenes de entre 5 e 30 anos que se iniciaban ou desexaban mellorar, as súas técnicas como preparadores e manexadores de gando. Unha vez rematado o xulgamento, ás 14 horas e no Restaurante Barreiro de Leira, Ordes, tivo lugar a Festa Holstein Fefriga 2014, na que se procedeu á entrega de Pracas de Recoñecemento ás Mellores Explotacións ‘13. Igualmente e como colofón da Xornada, impúxose a Insignia de Ouro de Fefriga a Dn. Manuel Herbón Díaz, de SAT Herbón por ser os criadores e propietarios da primeira vaca de España que ó longo da súa vida productiva (10 lactacións) superou os 200.000 Kg. de Leite.

D. Manuel Herbón, nas palabras que pronunciou en nome dos galardoados, animou a todos e de maneira especial aos máis novos a perseguir os seus obxectivos con gañas, coraxe, esforzo e adicación, coa seguridade de que dese xeito, conseguirán facelos realidade.

Para finalizar os actos programados, o Sr. Presidente de Fefriga, o Sr. Alcalde de Ordes e a Sra. Directora Xeral, -que clausurou a xornada,- tiveron palabras de felicitación e recoñecemento para todos os gandeiros premiados e tamén de ánimo, estímulo e apoio para os xóvenes.

Xunto a nosa felicitación a todos os galardoados, queremos manifestar o noso agradecemento a todas aquelas persoas, organizacións e institucións que nos apoiaron e colaboraron con nós na organización destas actividades das que adxuntamos ampla reportaxe fotográfica.

A todos moitas gracias.


















federación
frisona
gale




# 35 Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe 2014

Os días 25 ao 28 de Setembro e coincidindo ca Conferencia Europea da Holstein, celebrouse na cidade de Xixón o XXXV Concurso Nacional da Raza Frisona "Conafe '14". O concurso, no que participaron 134 animais de 50 ganaderías de Asturias, Cantabria, Castilla-la Mancha, Navarra, Madrid e Galicia, foi xulgado por Jaume Serrabassa, Xuíz Internacional de Conafe.

A pesar da situación do sector e de non contar con axudas oficiais, Galicia estuvo presente no certame con 27 extraordinarios animais procedentes de 14 gandeirías de A Coruña, Lugo e Pontevedra, cos que **se obtiveron diferentes premios** que relacionamos máis adiante.

Igualmente e coincidindo co Concurso de Frisón, celebrouse o de Xóvenes Manexadores no que o Clube de Xóvenes Gandeiros deixou patente a súa preparación, bo facer e profesionalidade, como o demostran os resultados obtidos. Neste concurso participaron 39 xóvenes dos que 8 eran socios do Clube, Xosé Manuel Sánchez foi o mellor manexador senior, quedando Águeda Capón, Marcos Rivas, e Óscar Castro en 2°, 3° e 5° lugar respectivamente. Na categoría Junior a mellor manexadora foi Cristina Carro, seguida de Avelino Souto. Ademáis dos extraordinarios resultados obtidos no Concurso e con grandes dosis de traballo, os xóvenes do Clube lograron ser nominados como Mellor Grupo Expositor Conafe '14.




Cid Goldwyn Griselda

Xunto á felicitación a todos os premiados, queremos manifestar o noso agradecemento a todos os gandeiros que cos seus extraordinarios animais posibilitaron a presenza de Galicia no Certame e tamén, como non, agradecer o excelente traballo realizado polos nosos xóvenes.

¡¡ A todos, moitas gracias !!

**Sec. 2 – Terneras de 11 a 13 meses**
**3º premio: Rey 616 Mata Bradnick**
SAT Rei de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
**5º premio: Pozosaa Windbrook 7127 Sonia**
Casa Pozo (Saa - Lugo)

**Sec. 5 – Novillas de 20 a 22 meses**
**5º premio: Carballeiras Dude Concava**
SAT Carballeiras (Lalín - Pontevedra)

**Sec. 10 – Vaca Joven en Lactación hasta 30 meses**
**3º premio: Pozosaa Sid 3322 Barbie**
Casa Pozo (Saa - Lugo)
**4º premio: Manteiga Xacobeo Clementina**
Ganad. Manteiga, SC (Vila de Cruces - Pontevedra)

**Sec. 12 – Vaca Intermedia Lactación de 36 a 41 meses**
**3º premio: Manteiga Shottle Luna**
Ganad. Manteiga, SC (Vila de Cruces - Pontevedra)

**Sec. 13 – Vaca Intermedia Lactación de 42 a 47 meses**
**4º premio: Anibal Emma Divina II**
SAT Carballeiras (Lalín - Pontevedra)
**5º premio: Blanco Anita Tila ET**
Blanco (Lalín - Pontevedra)

**Sec. 15 – Vaca Adulta Lactación de 5 años**
**2º premio: Cid Goldwyn Griselda**
**Gandeiria Cid, SC (Barreiros - Lugo)**

**Mellor Grupo de Expositor Conafe'14**
**1º premio: Clube de Xóvenes Gandeiros**
**3º premio: Grupo de Pontevedra**

## Ganderías participantes:

**A Campa**
(Curtis - A Coruña)

**Casa Nova**
(Mesía - A Coruña)

**Sixto**
(Monfero - A Coruña)

**Granxa A Costa**
(A Baña - A Coruña)

**Rei de Miñotelo**
(A Pastoriza - Lugo)

**Gandeiría Cid**
(Barreiros - Lugo)

**Casa Capón**
(Chantada - Lugo)

**Casa Pozo**
(Saa - Lugo)

**Carballeiras**
(Lalín - Pontevedra)

**Berdon**
(Lalín - Pontevedra)

**Sdad.Ganad. de Gresande**
(Lalín - Pontevedra)

**Blanco**
(Lalín - Pontevedra)

**Ganad.Manteiga**
(Vila de Cruces - Pontevedra)

**Rato**
(Rodeiro - Pontevedra)


GALICIA

GALICIA





FEFRIGA

GALICIA









GALICIA

Grupo Expositor
CONAFE'14
al formado por:
CLUB XOVENES GANDEIROS

# VII Poxa de Xovencas de Mazaricos

30 de novembro de 2014 - Pabellón Polideportivo municipal de A Picota - Mazaricos

Organizado por: Africor-Coruña / Concello Mazaricos   Animais presentados: 18 // animais vendidos: 18

| ANIMAL | GANDERIA VENDEDORA | GANDERIA COMPRADORA | PREZO REMATE |
|---|---|---|---|
| FONTE DO CAN 9159 DANCER | CARREIRA OROÑA | ISMAEL PAZOS GARCIA | 2.100 € |
| OSLOUREIROS AZUCENA DUNO | GANADERIA OS LOUREIROS S.C. | JOSE LUIS CAO LISTE | 2.300 € |
| MILA DUNIHLL | JOSE SANDE RODRIGUEZ | GRANXA DANIEL S.C. | 2.200 € |
| ILMA MURRAY 145 | SAT 828 ILMA | ISMAEL PAZOS GARCIA | 2.300 € |
| VIEITES LULU JUNGLE | RAMON BODELO PICHEL | GRANXA DANIEL S.C. | 2.300 € |
| DUPA SUPER RITA CATRINA | Mª CARMEN DUBRA Y OTRO | JORGE MIGUEZ PRADO | 3.000 € |
| INGRI WINDBROOK | JOSE SANDE RODRIGUEZ | TORRES S.A.T. | 2.500 € |
| TORI 6761 AMSTERDAM | TRISCO S.C. | ATAN OS CARBALLOS S.C.G. | 2.350 € |
| VILAF. MARILU 624 MILLION | GANADERIA VILAFERREIROS | JOSE LUIS CAO LISTE | 2.450 € |
| NUVEIRA MEGA XAVIER | LADO PEREZ | DOLORES GARCIA CARNOTA | 2.550 € |
| CHANTAL 2206 COLBY | TRISCO S.C. | GONZALO SILVA VAZQUEZ | 2.200 € |
| BARREDA 265 WINDBROOK | BARREDA S.C. | CASTRO CASTIÑEIRA S.C. | 2.400 € |
| LAILA 1184 MAZURCA | GARCIA CAPELO | GRANXA DANIEL S.C. | 2.450 € |
| MARTO SHOT 8797 | MOLEDO CAAMAÑO | ATAN OS CARBALLOS S.C.G. | 1.800 € |
| VIEITES CAROLAIN LAVANGUARD | RAMON BODELO PICHEL | ANTONIO SONEIRA LEMA | 2.500 € |
| MARTO BUCKEYE 4269 | MOLEDO CAAMAÑO | ATAN OS CARBALLOS S.C.G. | 2.200 € |
| OSLOUREIROS NEIRA WINDBROOK | GANADERIA OS LOUREIROS S.C. | GRANXA DANIEL S.C. | 2.300 € |
| FONTE DO CAN 9158 DIVINO | CARREIRA OROÑA | ATAN OS CARBALLOS S.C.G. | 2.050 € |
| | | TOTAL | 41.950 € |
| | | PREZO MEDIO | 2.331 € |

**Datos e fotos facilitados por Africor-Coruña**



DUPA SUPER RITA CATRINA



NUVEIRA MEGA XAVIER



INGRI WINDBROOK



VIEITES CAROLAIN LAVANGUARD

# XVIII Concurso Frisón Becerra Selecta

A Estrada, Pontevedra, 14 de Setembro de 2014

**Xuíz: D. Santiago García Souto - Xuíz Internacional de CONAFE**

**Xatas ata 7 meses**

**1ª) Argelina Windbrook Lucera** (Argelina - Forcarei)

**Xatas de 8 a 10 meses**

**1ª) G. Pereira Mccutchen Teni ET** (Pereira - Forcarei)

Xata Campiona e XOVENCA GRAN CAMPIONA

**2ª) G. Pereira Lavanguard Cintia ET** (Pereira - Forcarei)

Xata Subcampiona

**Xatas de 11 a 13 meses**

**1ª) Midon Chavela Fever** (Midon - Lalín)

**Xovencas de 14 a 16 meses**

**1ª) A. Peniña Aiko Feliciana Roja** (SAT Peniña - A Estrada)

**Xovencas de 17 a 19 meses**

**1ª) Carballeiras Gold Chip Andrea** (Carballeiras - Lalín)

**Xovencas de 20 a 22 meses**

**1ª) Carballeiras Dude Concava** (Carballeiras - Lalín)

Xovenca Campiona

**Xovencas de 23 a 28 meses**

**1ª) G. Pereira Lautamic Laura** (G. Pereira - Forcarei)

Xovenca Subcampiona

**Mellor Criador Becerra Selecta**

**1º) Ganadería Pereira** - Forcarei

**2º) SAT Carballeiras** - Lalín

Datos e fotos facilitados por Africor-Pontevedra




XOVENCA CAMPIONA
**CARBALLEIRAS DUDE CONCAVA**



XATA CAMPIONA E XOVENCA GRAN CAMPIONA
**G.PEREIRA MCCUTCHEN TENI ET**




José Antonio Jimenez
Dpto. Técnico de CONAFE



# SELECCIÓN XENÓMICA NA GRANXA II

Tras dous anos de avaliacións xenómicas no programa de mellora do vacún leiteiro español, é un bo momento para realizar unha primeira análise dos resultados. Arrancar un programa como este nun momento de gran dificultade para o país só foi posible gracias ó gran número de factores favorables que se deron cita de forma simultánea:

- España contaba con un sistema de recollida de datos acreditado a nivel internacional e un programa de mellora xenética capaz de xerar progreso xenético acumulado ano tras ano.
- O sector representado por FEFRIGA e o resto de asociacións que compoñen CONAFE foi consciente do cambio histórico que estaba chegando.
- Catro empresas competidoras (Programas de Testaxe) aunaron esforzos en busca dun beneficio común.
- A investigación a través do INIA tivo un papel protagonista tanto en advertir con antelación a chegada desta nova tecnoloxía como na implementación das primeiras avaliacións.
- As administracións públicas a través do Ministerio de Agricultura a pesar do dramático escenario económico recoñeceron a importancia deste programa custeando parte do xenotipado da primeira poboación de referencia.

Hoxe, dous anos despois debemos sentirnos orgullosos deste logro, que debería servir de exemplo para o resto da sociedade. No número anterior da revista poidemos comprobar con datos reais que aquelas primeiras predicións xenómicas que se realizaron sobre touros dos centros de testaxe aseméllanse ó que hoxe son as súas fillas. En base a estes resultados, podemos ofrecer ó gandeiro unha visión obxetiva da xenómica e do gran potencial que representa para a parte esquecida da mellora xenética en vacún de leite, a vaca comercial.

¿Por qué é interesante xenotipar as miñas xovencas? Igual que non hai dúas ganderías iguais, non hai unha resposta única. Cada gandeiro debe coñecer cal é a situación da súa explotación e para qué decisións a xenómica lle será de axuda.

¿Necesitas mercar xovencas?

**Sí**

¿Vas pedir o seu valor xenómico ó vendedor?

**¿Para qué?**

**Para saber se o que compras está ó nivel dos animais da túa gandería, nunca antes se puido saber con tanta fiabilidade o potencial xenético dun animal e por tanto o valor da súa xenética. Ademáis, no futuro poderás usar esta información.**

¿Necesitas mercar xovencas?

**Non**

¿E tes capacidade de seleccionar entre as que nacen?

**Sí**

**¡¡¡Noraboa!!! Estás na situación ideal para sacar o maior partido á xenómica. Empeza xenotipando aquelas coas que tes dúbidas se quedarte con elas ou non. Despois podes decidir cales vender e se podes pedir algo máis por elas se son moi boas.**



## ¿E se me teño que quedar con todas as femias que nacen, interésame xenotipar?

**Sí, o xenotipado axúdache a tomar decisións**

### ¿Cáles son as máis interesantes para xenotipar?

En primeiro lugar, aquelas coas que tes algo que decidir, por exemplo as que están próximas a cubrirse, as que poden ser candidatas a facer embrións…

A continuación aquelas das que temos información xenética de menos calidade. Por exemplo as que temos dúbidas na xenealoxía, desta maneira podemos facer filiación con proba xenómica, incluso poderemos determinar quén é o seu pai coas máximas garantías.

Aquelas fillas de primerizas porque o índice de pedigrí ten menos fiabilidade se a nai ten poucos datos.

Pola mesma razón, aquelas fillas de touros xenómicos, especialmente os que non están en Eurogenomics.



Co xenoma podes seleccionar as xovencas con máis alto potencial xenético do teu rabaño

### ¿E por qué debería xenotipalas?

Hai moitas razóns, seguro que algunha delas é da túa interese na túa explotación.

1. En primeiro lugar se tes problemas de recría temos que minimizar os posibles erros coa reposición. A mellor forma de minimizar estes erros é usando un programa de aparellamentos. En www.conafe.com tes o programa CONAFEMAT ónde están os teus animais.




Un bo aparellamento permite corrixir os puntos máis febles dunha femia, na súa descendencia

É o teu programa, é obxetivo, libre e podes axudar a melloralo para que se adapte as túas necesidades.

Neste programa os valores xenómicos incorpóranse automáticamente. Podes facer aparellamentos de xovencas coñecendo os seus puntos a correxir, mellor que coa vaca de máis partos da corte. Ademáis, vas poder evitar xens recesivos, problemas que afectan á fertilidade ou limitar o incremento de consanguinidade. Todo de forma automática.



A transferencia de embrións é a ferramenta ideal para multiplicar a descendencia dos animais máis interesantes

2. Vas detectar os animais superiores da túa explotación e poderás favorecer que sexan as nais da seguinte xeración, por exemplo usando seme sexado ou facendo transferencia de embrións. Por suposto algún día poderá aparecer un animal extraordinario que podería ser futura nai de semental.



As femias con menos interese xenético poderás empregalas como receptoras de embrións ou cruzalas con touros de carne para obter crías máis valoradas no mercado

3. Da mesma maneira podes detectar animais deficientes, aínda que xa os teñas na casa e non os poidas vender, podemos evitar que deixen descendencia na granxa. Se os coñecemos podemos usar seme de carne, ou mellor aínda podemos implantarlles os embrións das mellores. Desta forma maximizamos o progreso da nosa granxa.

# Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

se tes o que hai que ter... ASOCIATE




# Curso-Escola de Xóvenes Gandeiros

Dos días 28 de xullo ao 1 de agosto e no Recinto Feiral do Mesón do Vento (Ordes), en colaboración coa Ganadería As Travesas Agropecuaria, a Deputación da Coruña, o Concello de Ordes e Fefriga, celebramos a 6ª edición do Curso-Escola de Preparadores de Gando. Nel participaron 13 rapaces de entre cinco e 30 anos.

O luns comezou coas clases teóricas sobre a Morfoloxía da Vaca; aquí os alumnos tomaron nota de tódalas rexións que conforman a vaca e resto de conceptos que servirían de base para o resto da semana; e esperemos que para moito máis tempo.

A partir de aquí os traballos na nave foron continuos: a preparación das camas para recibir ás xovencas, o lavado como primeira toma de contacto e, como continuación, un manexo e alimentación adecuada. A partir de aquí a confianza entre alumno e xovenca xurde sen grandes esforzos. Traballo en equipo é unha das materias máis importantes nestas xornadas. Formaron tres grupos de catro mozos, a excepción dun grupo de cinco, no que Antía, a máis pequena, tamén arrimou o ombreiro. A coordinación que conseguiron entre os compoñentes de cada equipo –e a pesar da diferenza de idade–, foi realmente doada. Distribuíronse os labores e iso tivo como resultado un conxunto que aprende e traballa, ao mesmo tempo que se divirte. Tanto Iván Cid como Anxo Dono, monitores do curso, quedaron verdadeiramente satisfeitos dos resultados.

Dende o equipo de organización deste evento, queremos compartir o éxito destas xornadas e expresar o noso agradecemento principalmente a As Travesas Agropecuaria, ao seu propietario D. Secundino Fernández García Lavín, a José, e resto de traballadores da granxa, porque sen a súa colaboración isto non sería posible. Tamén agradecer ao Concello de Ordes por facilitarnos as instalacións e alimentación do gando. E, por suposto, non poderíamos presumir deste éxito sen o apoio, ano tras ano, da Deputación da Coruña e da Federación Frisona Galega.

Agardamos que todos os que dun xeito ou doutro participaron neste evento teñan algo novo aprendido e saiban que o Clube está e estará moi agradecido de compartir esta e outras actividades con todos os que así o desexen.

**O grupo de participantes foron:**

**Antía Bello** 5 anos, de Ganadería Bello (Trazo - A Coruña)
**Tania Villasenín** 11 anos, de Ganadería Bello (Trazo - A Coruña)
**Brais Oro** 11 anos, de Gandería Trastoy (Agolada - Pontevedra)
**Abel Carballo** 13 anos, de Gandería Adonis (Xermade - Lugo)
**Nicolás Andrade** 14 anos, de Frades (A Coruña)
**Jesús Manuel Sánchez** 14 anos, de Mesía (A Coruña)
**Cristina Carro** 15 anos, de Casa Nova (Mesía - A Coruña)
**Avelino Souto** 15 anos, de Gandería Midón (Lalín - Pontevedra)
**José Casás** 15 anos, de Ganadería Casás (Carballo - A Coruña)
**María Manteiga** 18 anos, de Gand. Manteiga (Vila de Cruces - Pontevedra)
**Ismael García** 18 anos, de Gandería Pistulario (Santa Comba - A Coruña)
**Marcos Rivas** 23 anos, de Gandería Liñares (Abadín - Lugo)
**Óscar Castro** 30 anos, de A Vereda (Castro de Rei - Lugo)
















## Xornada CONAFEMAT

O Clube de Xóvenes Gandeiros organizou o pasado 28 de agosto, na súa sede en rúa Melide, 25-27 baixo de Santiago de Compostela, unha xornada impartida polo técnico de Conafe, D. José Luís Tejeda, dirixida a todas aquelas persoas interesadas no funcionamento do, CONAFEMAT, programa de acoplamentos de Conafe.




# Concurso Nacional
# MELLOR GRUPO EXPOSITOR CONAFE 2014

Galicia estivo representada por medio de Fefriga no 35º Concurso Nacional da Raza Frisona, celebrado en Xixón do 25 ao 28 de setembro, cun grupo de animais pertencentes a ganderías da Coruña, Lugo e Pontevedra, a cargo de 10 mozos do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia.

Este grupo, capitaneado por Bonet Cid (LU) e Pedro Saavedra (LU), estivo formado polos preparadores e coidadores: Águeda Capón (LU), Óscar Castro (LU), Marcos Rivas (LU), Miguel Rial (C), José Manuel Sánchez (C), Rocío Manteiga (PO), José Casás (C) e Cristina Carro (C) e grazas ao seu traballo e esforzo, lograron que o stand de Fefriga fora elixido como o mellor da feira.

Ademais da presentación e coidado do grupo de animais seleccionado por Fefriga, os socios do Clube conseguiron os seguintes postos no Concurso de Manexadores celebrado o sábado á tarde:

**Categoría Senior (18 a 30 anos)**
**1º José Manuel Sánchez** - Boimorto
**2º Águeda Capón** - Chantada
**3º Marcos Rivas** - Abadín
**5º Óscar Castro** - Lugo
**6º María Manteiga** - Vila de Cruces.

**Categoría Junior (12 a 17 anos)**
**1º Cristina Carro** - Mesía
**2º Avelino Souto** - Lalín
**7º José Casás** - Carballo

Foron numerosas as felicitacións recibidas por este grupo, pola súa coordinación, o labor desenvolvido para que todo estivese digno de visita en calquera momento ao longo dos 4 días. Un grupo envidiable e que así o manifestou a xente que cada día viu o traballo realizado.

Dende o Clube estamos orgullosos de ter transmitido a imaxe do que somos, un grupo unido, coordinado, e con ganas de facer as cousas o mellor que sabemos.

Noraboa polo Mellor Grupo Expositor Conafe 2014, continuamos traballando para poder mellorar.

Grazas a Fefriga por confiar en nós, e a todos aqueles que dun xeito ou doutro nos apoian a continuar medrando.











## III Xornadas Técnicas sobre a Calidade do Leite

Serivet organizou as terceiras xornadas os días 24 e 25 de Outubro, en Ribadeo dirixida a todo tipo de técnicos: veterinarios, agrícolas, gandeiros, etc... As ponencias ofrecidas foron, unha vez máis, sumamente interesantes, participando nelas profesionais doutros países e durante as cales obtivemos información sobre diferentes temas innovadores e de actualidade. Ésto permite ademáis, intercambiar experiencias con outros compañeiros técnicos e debatir diferentes escenarios.

En resumo, un extraordinario ambiente polo que agradecemos unha vez máis ó noso amigo e colega Xabi, por esa labor e pola atención prestada aos socios do Clube.


información dos próximos concursos e actividades en www.xovenesgandeiros .com



## Día da Muller Rural

O 15 de novembro, na Biblioteca Municipal de Xermade, tivo lugar unha charla sobre a Muller Rural na que estiveron presentes a presidenta e vicepresidenta do Clube, Dª Laura Seoane e Dª Águeda Capón, respectivamente.

Durante a súa exposición tiveron oportunidade de dar a coñecer a actividade do Clube, así como a influencia que iso supuxo na súa traxectoria profesional.

Dende o Clube estamos moi agradecidos ao Concello de Xermade pola invitación. Estimamos que foi unha experiencia moi positiva na que estableceron contactos con outras asociacións e mozos e mozas a fin de complementarnos os uns aos outros nas actividades que cada entidade leva a cabo.

## Curso Inseminación Artificial

Durante os días 28 e 29 de Novembro, celebrouse o I Curso de Inseminación Artificial na Granxa Ugasma en Boimorto, dirixido por Dna. Mónica Barrio e Dn. Ismael Fernández e coa participación de 15 alumnos procedentes das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.

O programa do Curso, que estuvo estructurado en clases teóricas nas que cada un dos técnicos espuxo diversos casos que cada alumno se pode atopar na explotación; así como modo de actuar en cada un deles. Na parte práctica as matrices foron unha peza clave na introdución á inseminación e a continuación puidéronse realizar prácticas en animáis vivos.

Queremos agradecer a Mónica e a Ismael estas xornadas formativas, así como ao grupo de alumnos que confiaron en nós nesta ocasión, e especialmente a Granxa Ugasma por ter posto á nósa disposición as súas instalacións e animais.








## I Encontro da Mocidade Gandeira

O día 31 de xaneiro terá lugar no Restaurante La Palloza, en Lugo, o **I Encontro da Mocidade Gandeira** organizado polo Clube.

Pretendemos con esta xornada axudar á formación dos mozos e non tan mozos, que dirixen ou nalgún momento pretenden dirixir unha complicada e completa empresa como é unha explotación. Tanto os que con titulación universitaria como sen ela, están ou estarán á fronte da súa granxa, observamos que nos falta información básica coa que traballar cómodos. Queremos enfocalo con catro diferentes casos prácticos nos que se vexa reflectido o resultado de utilizar ou non os datos que temos ao noso alcance a diario na granxa.

Agardamos contar con vós, e que nos propoñades calquera tema do que votedes en falta información. Consideramos que a formación teórico-práctica é sumamente interesante, así como o intercambio de experiencias entre mozas e mozas de distintas procedencias.




## Cimag-GandAgro 2015. Concurso de Preparadores e Manexadores internacional

Os días 19 ó 21 de Febreiro terá lugar en Silleda Cimag-GandAgro.

Nesta ocasión acolleremos a compañeiros doutros países, e temos que ser moi bos anfitrións!!!

Temos convocado para o xoves día 20 de Febreiro o Concurso de Preparadores de Gando e o venres 21 o Concurso de Manexadores (ver regulamentos na páxina 15 e 16). Intentaremos sobre todo aprender e compartir experiencias nun ambiente sano e de compañeirismo, por iso queremos facer unha chamada a todos os xóvenes de Galicia para que colaboren e participen con nós. Solicitamos a vosa colaboración, ben sexa con animais, atención aos compañeiros ou calquera outra que nos poidades aportar. Se queredes anotarvos están as inscricións na nosa web, non o deixedes para última hora!!!

**Bo NADAL!**

# A REFORMA FISCAL 2015

Ante os continuos e importantes cambios que se están producindo en materia de fiscalidade e tendo en conta a repercusión que teñen os mesmos no sector agrogandeiro, a revista Branco e Negro crea a Sección "Lexislación Fiscal e Financeira" na que, en cada número, o Departamento Tributario de Cofisem, irá informándonos puntualmente da situación e modo de actuar. Empezamos esta nova sección con "Reformas no IRPF", no vindeiro número falaranos de "Reformas no Imposto de Sociedades".

**No Boletín Oficial do Estado do 28 de novembro foron publicadas as leis que forman parte da Reforma Fiscal.**

Son as seguintes:

— Lei 26/2014, de 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias.

— Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

— Lei 28/2014, de 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, a Lei 20/1991, de 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do Réxime Económico Fiscal de Canarias, a Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais, e a Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras.

Sen ánimo de ser exhaustivos, imos tratar os puntos fundamentais da reforma que nos permitan ter unha visión global da mesma, agrupados en tres apartados:

1. REFORMAS NO I.R.P.F.
2. REFORMAS NO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES
3. EFORMAS NO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO ( I.V.E. )

No presente artigo abórdanse aquelas modificacións que fan referencia ó apartado 1 (Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas) e na vindeira revista as referentes aos apartados 2 e 3 referidos ás reformas no Imposto sobre Sociedades e no Imposto sobre o Valor Engadido.

## 1. REFORMAS NO I.R.P.F.:

### 1.1. REBAIXA DOS TRAMOS E TIPOS NA ESCALA XERAL I.R.P.F.

Redúcense os tramos dende os actuais sete (tras o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a correción do déficit público) a cinco, así como os tipos marxinais aplicables, efectuándose unha posterior rebaixa para o exercicio 2016.

O tipo mínimo pasa do 24,75% ao 20%, en 2015, e ao 19%, en 2016. O tipo máximo de gravamen pasa do 52% ao 47%, en 2015, e ao 45%, en 2016.

### 1.2. INCREMENTOS DOS MÍNIMOS FAMILIARES

Increméntanse os mínimos personais e familiares. Se actualmente todo contribuínte conta con un mínimo exento de tributar (por entender que serve para cubrir as súas necesidades básicas) de 5.151 euros, éste pasará a ser de 5.550 euros. O incremento de este mínimo por idade superior a 65 anos ou a 75 anos, de 918 e 1.122 euros anuais, respectivamente, pasará a ser de 1.150 e 1.400 euros anuais. O mínimo por descendentes polo primeiro fillo é de 1.836 euros e pasará a ser de 2.400 euros, polo segundo pasarase de 2.040 a 2.700 euros anuais, polo terceiro, de 3.672 a 4.000 euros anuais e polo cuarto e seguintes, de 4.182 a 4.500 euros. Similares incrementos experimentan o mínimo por descendentes menor de tres anos, o mínimo por ascendentes e o mínimo por discapacidade.

### 1.3. CREACCIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS PARA AS FAMILIAS NUMEROSAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Outra novidade é a creación de beneficios fiscais para familias numerosas e persoas con discapacidade, regulándose tres Impostos negativos (dedución na cota que o contribuínte pode pedir por adiantado, xa que o seu cobro está asegurado): un para familias con fillos dependentes con discapacidade, outro para familias con ascendentes dependentes e outro para familias numerosas. Así, cando os contribuíntes que realicen

unha actividade por conta propia ou allea pola que estén dados de alta na Seguridade Social ou mutualidade teñan ó seu cargo ascendentes ou descendentes con discapacidade, poderán obter 1.200 euros por cada un deles nesta situación. O límite é individual, por cada fillo ou ascendente, mentras que no Anteproxeto o límite operaba por cada suposto de feito da dedución.

Respeto ás familias numerosas, o dereito a aplicar a dedución xurde por ser un ascendente ou irmá orfo de pai e nai que forme parte dunha familia numerosa, clarifícanse os supostos que dan dereito a dedución, incluíndo a integrada por irmáns orfos de pai e nai.

Pódese solicitar á AEAT o abono destas tres deducións con carácter anticipado, a razón de 100 euros mensuais. Estes Impostos negativos, son acumulables entre sí.

## 1.4. TRIBUTACIÓN DAS PLUSVALÍAS INMOBILIARIAS

A reforma tributaria efectuada, respeto da tributación das plusvalías inmobiliarias significou un cambio radical en canto á tributación das mesmas.

Por unha parte, suprímense os coeficientes de corrección monetaria que permitían correxir o valor de adquisición polos efectos da inflación e por outra parte suprímense os coeficientes de abatimento aplicables á ganancia obtida ata 20 de Xaneiro de 2006 para aqueles bens adquiridos antes do 31 de Decembro de 1994, que quedou reducido a 400.000 € por contribuínte ( DT 9ª da Lei IRPF ).

Desta forma, todos os bens transmitidos a partir do 1 de Xaneiro de 2015, ata que a suma acumulada do valor de transmisión dos bens supere os 400.000 € poden reducirse as ganancias patrimoniais xeradas coa aplicación dos mencionados coeficientes de abatimento; máis alá deste límite non son aplicables.

Créase tamén, e esto é unha novidade, a exención das plusvalías para as transmisións efectuadas por maiores de 65 anos, se o seu destino é a constitución dunha renda vitalícea que complemente a pensión, complementándose así a transmisión da vivenda habitual de maiores de 65 anos ou por persoas con dependencia severa, actualmente existente.

O límite máximo de exención é de 240.000 € e coa xa citada obriga, de constitución dunha renda vitalícea que complemente a pensión, no prazo de 6 meses.

## 1.5. TRIBUTACIÓN DO AFORRO

Tras esta reforma, desaparece a exención por dividendos polo importe de 1.500 € e créase unha nova tarifa para a tributación da base do aforro, é a seguinte:

— Ata 6.000 euros: baixará a súa tributación do 21% ao 20% en 2015, e ao 19% en 2016.

— Dende 6.000 ata 50.000 euros: o tipo baixa ata o 22% en 2015 e ao 21% en 2016.

— A partir de 50.000 euros, o tipo de gravamen situarase no 24% en 2015, e no 23%, en 2016.

Por outra parte, créase un novo instrumento para potenciar o aforro a medio e longo prazo mediante a creación dos novos plans de aforro “ Aforro 5 “ que poden adoptar a forma de conta bancaria ou seguro que garanticen a restitución de polo menos do 85 % da inversión. As ganancias xeradas, estarán exentas se a inversión se mantén un mínimo de 5 anos.

Importante é sinalar que a partir de 2015 todas as plusvalías xeradas integraranse na base do aforro, con independencia do seu periodo de xeración, xa que no momento actual, as plusvalías a curto prazo menor de un ano estaban sometidas á tarifa xeral do Imposto considerablemente superior.

Por outra parte, existen cambios significativos que entrarán en vigor a partir de 1 de Xaneiro de 2015, no tratamento dos plans de pensións e outros sistemas de previsión social; a reforma limita as aportacións que poidan realizar un plan de pensións a 8.000 € e sen que se poida superar o 30 % da suma dos rendementos netos do traballo e de actividades económicas, eliminando así mesmo, o límite maior existente para maiores de 50 anos.

Sen embargo, é de significar que se vai permitir o rescate anticipado a partir do décimo ano de antigüidade das aportacións, pero no caso das aportacións realizadas antes do 31 de Decembro de 2015, non son rescatables antes de Xaneiro do ano 2025.

## 1.6. INDEMNIZACIÓN POR DESPIDO

Modifícase a tributación das indemnizacións por despido establecidas no Estatuto dos Traballadores, establecéndose un mínimo exento ata 180.000 €.

As indemnizacións superiores a esta cantidade, tampouco tributarán na súa totalidade xa que só o fará o exceso da citada cantidade, e tratándose de rendas obtidas de forma irregular no tempo (máis de dous anos) o importe da indemnización suxeita redúcese nun 30 %, contemplándose ademáis a posibilidade de aplicar este coeficiente de redución ás indemnizacións que se obteñan de maneira fracionada en varios anos.

Esta limitación á exención non é aplicable ás indemnizacións por despido ou ceses producidos con anterioridade ao 1 de Agosto de 2014.

## 1.7. CONCEPTO DE ACTIVIDADE ECONÓMICA

A Lei de reforma do IRPF, introduce dúas modificacións referentes aos ingresos íntegros das actividades económicas. Unha ao considerar como rendemento de actividades económicas a retribución percibida en concepto de prestación de servicios profesionais polos socios e outra respeto da calificación como rendemento de actividade económica das rendas percibidas por arrendamentos de bens inmobles.

En efecto, a partir do 1 de Xaneiro do ano 2015, terán consideración de rendemento de actividades económicas, aqueles que foron obtidos polo contribuínte procedentes dunha entidade xurídica en cuio capital participan e derivados da realización de actividades profesionais, cando o contribuínte esté incluido no Réxime Especial de Autónomos ou nunha Mutualidade de Réxime Especial Sustitutivo.

Por outra parte, para que o arrendamento de inmobles sexa considerado actividade económica é necesario exclusivamente o requisito de que se utilice polo menos unha persoa contratada con contrato laboral e a xornada completa para a ordenación da actividade, téndose suprimido a necesidade de ter un local destinado exclusivamente á xestión dos citados inmobles.

### 1.8. DEDUCIÓN E REDUCIÓN POLO ALUGUER DE VIVENDAS

Coa reforma elimínase a dedución por aluguer de vivenda para todos aqueles contratos que se asinen a partir do 1 de Xaneiro de 2015, suprimíndose os beneficios existentes na actualidade.

Establécese un réxime transitorio para os contratos celebrados antes desa data.

### 1.9. MODIFICACIÓN NAS RETENCIÓNS DOS PROFESIONAIS – AUTÓNOMOS

Con carácter xeral a retención de autónomos reducirase no 2015 do 21 % ao 19 % e en 2016 ao 18 %.

### 1.10. MODIFICACIÓN NO CÁLCULO DOS RENDEMENTOS DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Na modalidade de estimación directa simplificada para as actividades económicas desaparece a limitación de 4.500 € como gasto deducible polas cantidades aboadas a entidades como alternativa ó réxime de autónomos sustituíndoo pola cota máxima por continxencias comúns establecida en dito réxime especial, manténdose por outra parte a dedución de 2.000 € por provisións e gastos de difícil xustificación.

Modifícase sustancialmente o réxime de estimación obxetiva por módulos con efectos do 1 de Xaneiro de 2016. Por un lado modifícanse os umbrais cuantitativos de aplicación deste réxime e así rebaixase o umbral de exclusión con carácter xeral de 450.000 € de ingresos a 150.000€ e de 300.000 € de gastos a 150.000 €.

No caso de actividades agrícolas gandeiras ou forestais, o umbral de exclusión pasa de 300.000 € de ingresos a 250.000 € de ingresos.

Resultan excluidas deste réxime as actividades (excepto as agrícolas, gandeiras e forestais) que facturen menos dun 50 % a personas físicas e todas aquelas actividades aos que sexa aplicable actualmente o tipo de retención do 1%, tales como son a fabricación e a construción.



# Compra conxunta de doses seminais

Ó obxeto de que os socios poidan optar á compra de sementais de recoñecido valor xenético e a prezos asequibles, o pasado mes de Novembro solicitáronse ofertas ás distintas casas comerciais para poder organizar a compra conxunta de doses para 2015.

Unha vez recibidas estudiadas e valoradas as ofertas, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os seguintes touros:

## Programa Galego

| | | | |
|---|---|---|---|
| PROBADOS | BOS SEIJO BOLTON TORREL ET | VENTURO XACOBEO DIXIE | BOS PRONTO PROTUS ET |
| | APINA DELANO | BOS BAIXO AIRRAID XUDAN ET | RIDGEFIELD DELETE ET |
| | THOS PLANET LION | NODI XACOBEO XUBILEO | |
| XENÓMICOS | SUPREM ET | TOPMAX ET | SNOMIS SNOWSEN ET |
| | SAN-RIAN MELENDI DOORMAN ET | INVICTUS ET | HISTORIC |

Consultar probas na páxina 7 (touros marcados con *)

## Touros importados (probas Interbull. Decembro 2014)

| NOME | ICO | IKL | %G. | IKP | %P. | IKP | IPP | ICU | IGT | RCS | LONG | PERC. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SCHILLVIEW OMAN GERARD ET | 3841 | 1785 | -0.25 | 37 | 0.09 | 67 | 0.68 | 2.30 | 2.51 | 95 | 114 | 99 |
| OVINA JULIETTA JUNIOR | 3638 | 2016 | -0.19 | 52 | -0.14 | 49 | 0.22 | 1.99 | 1.59 | 114 | 112 | 99 |
| EHMAN ISY | 3547 | 1514 | -0.19 | 35 | -0.01 | 47 | 1.10 | 2.41 | 1.89 | 112 | 117 | 99 |
| ZANI BOLTON MASCALESE ET | 3459 | 1423 | -0.01 | 50 | 0.03 | 48 | 0.92 | 2.37 | 2.61 | 118 | 108 | 99 |
| CO-OP BOSSIDE MASSEY ET | 3208 | 825 | 0.17 | 47 | 0.18 | 44 | 0.59 | 2.09 | 1.38 | 121 | 121 | 99 |
| CO-OP SHOTTLE LAZARITH ET | 3192 | 1717 | -0.30 | 30 | -0.15 | 39 | 1.14 | 0.93 | 1.47 | 119 | 115 | 99 |
| CASTELBOSCO G PLANET HARCOS | 3143 | 926 | 0.00 | 33 | 0.02 | 31 | 0.97 | 3.02 | 2.08 | 109 | 117 | 99 |
| GENERVATIONS EPIC ET | 3022 | 882 | -0.04 | 28 | 0.04 | 32 | 1.40 | 2.22 | 2.03 | 106 | 117 | 99 |

Seme sexado

- A través das Africor e como cada ano achegaranse aos socios as solicitudes de seme.
- Para a asignación das doses por explotación terase en conta o número de vacas en Control Leiteiro Oficial.
- O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 31 de Xaneiro.

## axenda 2015

| | |
|---|---|
| 31 de Xaneiro | I Encontro da Mocidade Gandeira. Rte. La Palloza. Lugo |
| 7 de Febreiro | Poxa de Gando Frisón en Castro Ribeiras do Lea. Castro de Rei. Lugo |
| 19-21 de Febreiro | XXXIII Concurso Internacional Open GangAgro '15 - Silleda - Pontevedra |
| | XXIV Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga '15 |
| | XXXI Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luís Louzao" |
| | VIII Concurso de Preparadores de Gando |
| | IX Concurso de Pintura Fefriga '15 |
| 27 de Febreiro | Xornada Técnica Africor-Lugo. Facultade Veterinaria. Lugo |
| 7 de Marzo | Poxa de Xovencas en Santa Comba. A Coruña |
| 7 de Marzo | Poxa de Gando Frisón en Chantada. Lugo |
| 26-29 de Marzo | Concurso Nacional de Primavera Conafe '15. Torrelavega. Cantabria |
| 29 de Marzo | Poxa de Xovencas en Boimorto. A Coruña |
| 11 de Abril | 29º Concurso de Gando Frisón Moexmu. Cospeito. Lugo |
| 12 de Abril | Poxa de Gando Frisón en Muimenta. Cospeito. Lugo |
| 20 de Xuño | Poxe de Gando Frisón en Ganadería Outeiro. Chantada. Lugo |
| 27-28 de Xuño | XXI Concurso Feiradeza - Lalín. Pontevedra |
| 28-30 de Xullo | Escola de Xuices Fefriga '15 |
| 30 de Xullo | Festa Holstein |
| Agosto | Curso-Escola Clube de Xóvenes Gandeiros |
| 12-13 de Setembro | XVIII Concurso da Becerra Selecta A Estrada. Pontevedra |
| 25-27 de Setembro | 36º Concurso Nacional Conafe '15 - Xixón. Asturias |
| 7 de Novembro | Poxa de Gando Frisón en Castro Ribeiras do Lea. Castro de Rei. Lugo |
| 28 de Novembro | Xornada Técnica Africor-Coruña - Mazaricos. A Coruña |
| 29 de Novembro | Poxa de Xovencas en Mazaricos. A Coruña |

# DELANO

ESPM9203325991 aAa 342516
MOM x SHOTTLE x BW MARSHALL



Apina **DELANO**

XENÉTICA FONTAO



Apina **DELANO**

- MOM x SHOTTLE x BW MARSHALL na familia de Snowman.
- O mellor fillo de MOM probado en España debuta como número 3 no TOP 50 ICO.
- Boas producións de leite, con porcentaxes positivas de graxa e proteína e proba de tipo moi equilibrada.
- Excelentes trazos de saúde: vacas lonxevas, fértiles e con baixos RCS, semental ideal para rabaños comerciais.
- Fácil acoplamento sobre as liñas Goldwyn.